



CABALGATA E FESTA DE REIS

Data: Luns 5 de xaneiro.

Lugar: Polideportivo Municipal de Ponte Carreira.

Horario: Saída da cabalgata ás 16:00h.

Contido: Saída da cabalgata dende a Praza de Ponte Carreira e a continuación celebrarase a festa de Reis no polideportivo municipal ás 17:00, onde haberá: recepción dos Reis, inchables, animación, bailes, xogos, obradoiros, mascotas, reparto de lambetadas e chocolate con roscón para todas as persoas asistentes.

Actividade gratuíta.

REQUISITOS XERAIS DAS ACTIVIDADES

Sempre terán preferencia as persoas empadroadas en Frades.

No caso de non xuntarse grupo, as actividades poderán ser canceladas.

Como norma xeral a actividade deberá estar pagada antes do seu comezo.

Haberá que anotarse no Concello para todas as actividades con antelación.

Máis Información sobre descontos, exencións e bonificacións nos Servizos Sociais do Concello de Frades.

O pago de todas as actividades farase a través do número de conta:

ES36 0049 2722 31 2914050280 BANCO SANTANDER

Pasos que se deben seguir:

1. Pago mediante ingreso ou transferencia no número de conta arriba indicado, poñendo no concepto a actividade que se vai realizar e o nome do/a participante.

2. A solicitude de inscrición na actividade pode facerse de dúas formas:

A- Presencialmente no Concello de Frades achegando os seguintes documentos: solicitude e xustificantes de pago da actividade.

B- Por internet na páxina web do Concello: www.frades.gal – sede electrónica – actividades culturais e deportivas – solicitude de inscrición en aula de actividades, achegando o seguinte documento: xustificante de pago da actividade.



Colabora:



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE EMPREGO
E IGUALDADE



CORRESPONSABLES



*O Alcalde, toda a corporación do concello de Frades
e os/as traballadores/as municipais
desexámosvos un Bo Nadal e un Feliz Aninovo 2026*



VISITA DE PAPÁ NOEL A PREESCOLAR NA CASA CASAS NIÑO e CASAS DO MAIOR

Data: Martes 16 de decembro.

Horario e lugar: De mañá nas casas niño e casas do maior e de tarde en Preescolar na casa.

Papá Noel e o seu Elfo visitarán os nenos e nenas de Preescolar, casas do maior e das casas niño para recoller as súas cartas e repartir lambonadas.

VISITA DO PAXE REAL AO CPI DE PONTE CARREIRA



Data: Mércores 17 de decembro

Horario e lugar: CPI de Ponte Carreira en horario de mañá

Contido: O carteiro Real repartirá lambonadas ao alumnado de infantil e primaria do CPI de Ponte Carreira e recollerá as súas cartas para os Reis Magos.

CAMPAMENTOS MUNICIPAL DE NADAL/CONCILIACIÓN

Datas: Do 22 de decembro ao 7 de xaneiro.

Horario: De 9:00 a 14:00 h

A hora de entrada será dende as 9:00 ás 9:30 e a hora de saída dende as 13:30 ás 14:00h

Idades: Nenos/as de 3 anos (escolarizados/as) ata os 16 anos.

Lugar: Centro sociocomunitario de Ponte Carreira

Actividades: Xogos, obradoiros, contacontos e moitas sorpresas de Nadal.

Prezo: 10€ - 2º irmán/á: 8€. Familia numerosa 50%

É necesario xuntar un grupo mínimo. Preferencia empadroados/as en Frades ou escolarizados/as no CPI Ponte Carreira. Prazas limitadas.

No caso de ter adxudicada unha praza e non asistir sen causa xustificada, penalizarase para vindeiros campamentos.

Anotacións no Concello ata o 16 de decembro.

Colabora:



FESTA DE NADAL

Obradoiros de Nadal e actuación de teatro "Saaabor de Nadal"- VISITA DE PAPA NOEL

Data: Luns 22 de decembro.

Lugar: Edificio Multiúsos de Frades.

Horario: A partir das 16:30.

Contido: actuación de teatro "Saaabor de Nadal" con Fran Rei e Félix Rodríguez ás 16:30 e a continuación realizaremos obradoiros de Nadal para nenos e nenas asistentes. Actividade gratuíta.

É obrigatorio anotarse no concello antes do 19 de decembro.

TARDES DE BAILE - FESTA PRE FIN DE ANO

Data: Domingo 28 de decembro.

Lugar: Centro sociocomunitario de Ponte Carreira

Horario: A partir das 19:00

Contido: Ven a disfrutar ás Tardes de baile no centro sociocomunitario con dúo musical en directo, festa precampanadas e chocolatada.

Actividade gfratuita

XUVENLUGO

Data: Martes 30 de decembro.

Horario: Saída do Concello ás 15:00 h.

Prezo: 10€.

Contido: Visita familiar ao parque de ocio infantil e xuvenil con ludotecas, inchables, touro mecánico, obradoiros, xogos xigantes, minigolf, pistas de slot, atraccións, rocódromo e moitas outras actividades.

Anotacións no Concello ata o día 24 de decembro.

Os/as nenos/as menores de 12 anos deberán ir acompañados/as. Poden levar merenda ou teñen a opción de merca no recinto.



EXCURSIÓN A VER A DECORACIÓN DE NADAL EN ALLARIZ E VISITA A OURENSE

Data: Sábado 13 de decembro

Prezo: Adultos/as: 55€

Menores de 12 anos (inclusive) 30€

Horario: Saída do Concello as 8:30h

Contido: Pola mañá visitaremos Allariz coa súa decoración de Nadal.

Comida e a tarde visitaremos Ourense.

Preferencia empadroados/as no Concello de Frades.

Anotarse antes do venres 5 de decembro. Prazas limitadas. Inscripcións no concello.

O pago realizarase á empresa organizadora.

Organiza:



CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL

O Concello de Frades pon en marcha este ano un Concurso de Decoración de Nadal, no que poderán participar todas as vivendas e negocios do municipio.

Data: Presentación de solicitudes dende o 24 ata o 31 de decembro

Como participar: Deberán presentar un video ou 4 fotografías da decoración da casa (solo exterior), por correo electrónico a dirección:

Biblioteca.municipal@frades.gal

Premios:

1º Premio: Cesta de produtos XL

2º Premio: Cesta de produtos

3º Premio: Lote de produtos

Máis información e bases do concurso na páxina web e nas RRSS